

RAMIRO FONTE

Ramiro Fonte iniciou hai anos o seu percorrido de recuperación da infancia nunha triloxía, titulada *Vidas de infancia*. Agora, Xerais publica o peche da triloxía, *As pontes no ceo*, onde de novo Pontedeume é o protagonista xeográfico da narración. Se nos dous primeiros volumes primaba a vida familiar e o ámbito da escola, nesta terceira entrega o foco son as voces da colectividade. Velaí o límpido engado desta serie: un espazo local sen lindeiros, un tempo gris e un cento de figuras inesquecibles. Como un retratista desas cousas coas que se asaña o esquecemento, o autor arma unha novela de vivos mortos e de mortos vivos. Unha obra que mestura lirismo, oralidade, técnica teatral, erudición e filosofías de rueiro e que, baixo os presupostos da narrativa clásica, tamén indaga nas raíces da vocación literaria.

